

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Dodro para a execución da actuación “Modificación do leito dun regato no lugar de Sar. Dodro (A Coruña)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas; ase mesmo, Augas de Galicia ten atribuídas as competencias correspondentes aos organismos de conca, e polo tanto á administración e xestión do dominio público hidráulico no ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

2 As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na execución da actuación “Modificación do leito dun regato no lugar de Sar. Dodro (A Coruña)”.

Con esta actuación preténdese mellorar a capacidade de desaugue dun regato afluente do Rego Manselle, no lugar de Sar, concello de Dodro, no entorno do camiño de servizo da autovía AG-11.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Dodro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2018, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello a actuación “Modificación do leito dun regato no lugar de Sar. Dodro (A Coruña)”.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de dez mil trescentos trinta e tres euros con dezanove céntimos (10.333,19 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2018.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndelle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.



O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roberto Rodríguez Martínez
(asinado dixitalmente)

